

ABRACADABRA

**UNHA HORA MÁIS OU
UNHA HORA MENOS?**

**PASATEMPOS: CHISTES,
DIFERENZAS, ADIVIÑAS...**

GALERÍA DE FOTOS

MANUALIDADE

RECEITA

QUE HAI DE NOVO?



UNHA HORA MÁIS OU UNHA HORA MENOS?

Non sei por que sempre me lío con isto... Se todos os anos é o mesmo! Durmimos unha hora máis ou unha hora menos?... Ola! Levades moito tempo aí? Non vos vía. Estaba a pensar na lea dos cambios de hora. A vós tamén vos pasa? Sempre que hai que cambiar a hora dáme a impresión de que o meu cerebro deixa de funcionar e teño que concentrarme unha chea de veces para saber exactamente que cambio debo facer, e claro, dáseme por pensar quen sería o listo ou a lista que tivo a xenial idea. Pois ben, por fin decidínme a investigar sobre o tema. Cóntovos o que atopei, de momento.

Parece ser, sen meternos nos cambios da Antiga Roma, que un dos primeiros en dar pistas foi Benjamin Franklin, quen, en 1784, sendo embaixador de Estados Unidos en Francia, pensou que se perdían moitas horas de luz pola mañá, mentres que polas tardes a xente tiña que acender candeas para seguir traballando, así que propuxo... non me quedou moi claro se cambiar a hora como medida de aforro enerxético, ou animar á xente a que se erguese máis cedo no verán o que tamén podería ser unha broma... (teño que seguir indagando). En calquera caso, por aquel entón, non lle fixeron moito caso.

Máis adiante, en 1895, o entomólogo George Vernon Hudson, propuxo adiantar dúas horas o reloxo en marzo e atrasalo en outubro. Tamén nesta ocasión a idea caeu en saco roto.

O seguinte en sacar o tema, foi un construtor británico, William Willett, quen en 1907 publicou un folleto no que propoñía adiantar os reloxos uns 80 minutos no verán. Isto permitiría un aforro considerable en iluminación, dado que así, as tardes terían luz durante máis tempo. E, aínda que o home foi insistente, a súa proposta tampouco se aprobou, claro que a loxística que propoñía non era moi cómoda que digamos. El suxería ir adiantando os reloxos a razón de 20 minutos semanais nas madrugadas dos domingos de abril, e atrasalos da mesma maneira en setembro. Se agora xa me parece un rollo...

Pero coa irrupción da Primeira Guerra Mundial, facíase necesario aforrar carbón, o que levou a moitos países a pensar seriamente todas estas ideas. Así, en abril de 1916, Alemaña e Austria adiantaron os reloxos unha hora. Uns días despois seguiulles Gran Bretaña, e posteriormente outros moitos países europeos como Francia, Italia ou Portugal. Tamén en EE.UU. o presidente Woodrow Wilson asinou un decreto en 1918 para adiantar a hora. Con todo, tras a guerra, todas estas medidas desapareceron, e, aínda que con distintas idas e vidas, non sería ata 1974, coa crise do petróleo, que volverían utilizarse de forma xeneralizada.

Todo isto, por suposto, está contado a grandes liñas porque, raro en min, non teño moito tempo..., así que vos recomendo que investiguedes máis sobre o tema. De todos os xeitos, non quero despedirme sen contarvos dous datos que me pareceron curiosos:

En 1940, Franco adiantou unha hora o horario de España, que ata ese momento rexíase polo meridiano de Greenwich. Tamén outros países, no marco da Segunda Guerra Mundial, fixeron o mesmo. O curioso é que tras a finalización da guerra, tanto España como Francia, Holanda, Bélxica e Luxemburgo, non regresaron ao seu fuso horario. Así, os cambios para o horario de verán e de inverno fanse sobre esta hora a maiores. Curioso, non?

Outro dato que me pareceu peculiar é que en EE.UU. non todos os territorios aplican o cambio de hora. E, de feito, a nivel global, menos do 40% dos países do mundo fano.

E vós, que pensades? Estadés a favor ou en contra dos cambios de hora? Podedes deixarme as respostas na sección Infantil e Xuvenil da Biblioteca. Encantárame sabelo.

Que tarde!!! A ver se teño sorte e non me din nada...

Como sempre, encantoume vervos. Ata o próximo número!!!



CHISTES

E xa estamos aquí de novo cos pasatempos polos que estabades agardando. Para empezar, os chistes máis chistosos para rir a esgalla. Non esquezades que podeades compartir con nós os vosos chistes preferidos e publicarémolos no seguinte número da vosa revista Abracadabra.

— Íavos contar un chiste sobre o tempo e o espazo, pero non creo que sexa nin o momento... nin o lugar... Ha, ha, ha, ha.

Agora en serio. Aquí están os chistes:

- ¿Qué hora es?
- Las doce.
- ¡Qué tarde!
- Pues haberme preguntado antes.

- Son las cinco y cuarto.
- ¿En serio?
- ¿Qué pasa?
- Nada, que me he pasado el día preguntándole la hora a todo el mundo y nadie se pone de acuerdo.

- ¿Qué hace un loco golpeando un reloj?
- Está matando el tiempo.

- Te vendo un reloj.
- ¿Qué marca?
- La hora.

- ¡Hola! ¿Me puede dar la hora, por favor?
- Lo siento, pero se la acabo de dar al señor que acaba de pasar.

- ¿Qué te pasa? ¿Por qué no dejas de mirar el reloj?
- Es que me han dicho que me puedo duchar con él pero no encuentro el grifo...

E agora deixámosvos unha... dúbida razoable...


— Se o día do cambio de hora de inverno nacen dous xemelgos, un ás 2:58 e o outro catro minutos despois... quen aparece antes no rexistro?

ADIVIÑA*

E dúas adiviñas:

1. ¿Qué cosa no ha sido
y tiene que ser,
y que cuando sea
dejará de ser?

2. ¿Qué cosa, qué cosa es?
que vuela sin tener alas,
y corre sin tener pies.



7 DIFERENZAS*

Retámosvos a atopar as 7 diferenzas. Atrévedesvos?



GALERIA

Nesta ocasión pousaron para a Biblioteca algúns personaxes saídos dos cadros máis inesperados. Saberiades dicirnos que personaxes son ou de que cadro saíron?




E, como non podía ser doutro xeito, propoñémosvos construír un reloxo de sol. Aínda que... Como atrasariamos ou adelantariamos a hora nel? Podeses atopar esta manualidade no libro **200 actividades contra o aburrimiento** / Paul Scott. Disponible na biblioteca 379 SCO dos/v

¿Qué hora es?

¿Sabías que puedes calcular la hora a partir de las sombras que proyecta el sol? ¡Es fácil! Confecciona este sencillo reloj de sombras (o de sol) y colócalo en el jardín. Mientras luzca el sol, no necesitarás mirar el reloj para saber la hora ¡te bastará mirar el reloj de sol!

Necesitarás


- una hoja grande de cartulina amarilla
- cartulina de color naranja, roja y blanca
- cola
- un palito alargado
- una maceta
- pasta de modelar
- pinturas acrílicas



1 Dibuja un sol grande, con sus rayos, en la cartulina amarilla. Recórtalo con cuidado. Recorta algunos triángulos rojos y naranja y pégalos como decoración.

2 Encola un círculo de cartoncillo en el dorso del sol para darle más cuerpo. Con cuidado, practica un agujero pequeño en el centro del sol y atraviésalo con el palito.

3 Pasa el palito por el agujero de la maceta y asegúralo con pasta de modelar. Decora el tiesto con brillantes colores de pintura acrílica.



La longitud de la sombra del palito variará según la altura del sol en el cielo.

4 Planta tu reloj de Sol en una maceta. Al mediodía dibuja la sombra del palito y anota la hora. Repite cada hora en punto hasta dibujar todas las que puedas. ¡El reloj de Sol está listo!

E como xa estamos na primavera, propoñémosvos esta receita cunha árbore moi apetitosa que deixará coa boca aberta a toda a familia. **Pastas e Pizzas : divertidas, fáciles, creativas / elaboradas por Miguel A. Caruncho.** Dispoñible na biblioteca 641.5 COC / a

Árbore de pasta

moi fácil • catro persoas • 50 minutos

Necesitas

- 1 pota
- 1 coitelo
- Microondas

Ingredientes

- 12 unidades de pasta grande en forma de tubo
- 10 rebandas gordas de xamón cocido
- 250 g de bonito
- 8 rebandas finas de mozzarella
- 1 bolsa de preparado de ensalada
- 250 g de mollo de tomate

1. Coce a pasta nunha pota seguindo as instrucións do paquete, deixa que arrefría e reserva.
2. Cun coitelo, corta o xamón cocido en anacos e mestura co bonito escorrido e co mollo de tomate (reserva un pouco para decorar).
3. Mete o recheo no interior dos tubos de pasta.
4. Coloca os tubos en forma de árbore e coloca encima a mozzarella para tapar as unións da pasta.
5. Mete os tubos no microondas uns minutos para que se funda o queixo.
6. Cando o saques, coloca a ensalada imitando a forma da copa da árbore e con leituga doutra cor faille tamén o chan.



Utiliza mollo de tomate para decorar e acompañar.

Tamén podes utilizar queixo de barra normal no lugar da mozzarella, e empregar o forno e non o microondas.



QUE HAI DE NOVO...?

* **CELEBRACIÓNS.** Chega a primavera e con ela unha chea de celebracións: en abril, o día 2, "Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil" e o 23, "Día do Libro" e en maio, o 17, "Día das Letras Galegas". Celebrarémolos, ao grande, con moitísimos talleres para todas as idades. [Infórmate na biblioteca.](#) Esperámosvos!

* **OBRADOIROS DE PINTURA,** para gozar no verán pintando, á vez que descubrimos cada día un artista novo. Dunha semana de duración, desde o comezo das vacacións. Apertura de inscricións a partir de mediados de xuño. Non os perdades!

* **SUXESTIÓNS.** Se desexas que a Biblioteca conte con algún libro, DVD, revista,... podes cubrir o impreso de DESIDERATAS e estudaremos a túa petición.

* Lembra que podes facer as vosas reservas e renovacións dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* Finalizamos co Bonolibro! Felicitações a todos os que xa o conseguistes e aos que vos falta pouco, darvos présa! finaliza en maio. Logo podes ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca.

* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista.

Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

Síguenos en



www.dacoruna.gal/biblioteca

SOLUCIÓNS DOS PASATEMPOS



SOLUCIÓNS GALERÍA

Napoleón cruzando lo Alpes de Jacques-Louis David

La joven de la perla de Johannes Vermeer

Arlequín con espejo de Pablo Picasso

Frida Kahlo

Hijo del hombre de Rene Magritte

El nacimiento de Venus de Sandro Botticelli.

ADIVIÑAS

1. El día de mañana
2. El tiempo